

O Concello investiu preto de 4 millóns na creación desta instalación deportiva

O sábado 17 de setembro inaugúrase o novo campo de fútbol municipal

Páxina 5



Concello de  Oleiros

Próxima finalización do Parque As Trece Rosas

Páxina 4

Vivir en Oleiros

Número 73
Setembro 2022
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

O Concello contratou a obra por 2,9 millóns de euros



Máis seguridade viaria coa rotonda da Chasqueira

Páxina 7

A praia de Santa Cristina gana máis metros de area

Páxina 8

O paseo fluvial de Iñas e Nós será unha realidade no 2023

■ Xa comezaron as obras de creación do paseo fluvial do rego de San Pedro. Este novo espazo verde, de 4 km de lonxitude, permitirá unha mobilidade segura e sostible entre as parroquias de Iñas e San Pedro de Nós e converterase nunha gran zona para o deporte e o lecer.

Páxina 4

Lucas Yáñez, bicampión do mundo de patinaxe artística

Páxina 16

O Concello asume o gasto de comedor dos nenos e nenas en vulnerabilidade

Mediante convenio de colaboración coas ANPA dos colexios públicos, o Concello asume o gasto íntegro de comedor escolar dos nenos e nenas de familias en situacións económicas adversas. Desta maneira garántense as necesidades básicas da alimentación.

Páxina 9

Como saber
onde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

Máis Alternativa!

Atravesamos tempos convulsos e inestables. O desmedido afán depredador dos imperios causa un terrible sufrimento a millóns de seres humanos en todo o mundo, estraga o medio natural, e, neste momento, está a provocar unha crise enerxética sen precedentes para arrasar a economía de Europa. Familias, autónomos/as e empresarios/as están a *pagar o pato* cun fortísimo incremento de prezos.

Esas adversidades, que desde a nosa humilde posición intentamos mitigar, non fan máis que servírnos de alento para redobrar esforzos e reafirmar o noso compromiso co pobo de Oleiros. Temos todo o ánimo, ilusión e capacidade necesaria para continuar facendo deste municipio ese territorio libre, distinto e singular

cheo de servizos, infraestruturas públicas e humanidade.

Con ese obxectivo, imos comezar o proceso de elección de persoas candidatas que formarán a lista de Alternativa dos Veciños nas municipais de maio. A partir de outubro convocaremos asembleas abertas nas distintas localidades para que todos os veciños e veciñas que desexedes participar poidades escoller libremente quen vos represente.

Como sempre será un proceso totalmente diáfano e transparente. Calquera que demostre unha traxectoria honesta vencellada ao movemento veciñal ou político poderá presentar a súa candidatura. Logo serán os veciños e veciñas que acudan ás asembleas das súas respectivas vilas quen decida cos seus votos a que persoas escollen.

Democracia real, sen filtros nin tele-direccións. É o pobo o que nos pon e o que nos quita.

Así, en maio presentáronos ás eleccións para intentar lograr nas urnas o apoio necesario para continuar guiando o noso municipio pola senda do progreso e o benestar. Levamos décadas demostrando que sabemos xestionar o Concello para beneficio do interese xeral da cidadanía. A profunda transformación e avances logrados durante a etapa democrática aválannos. Oleiros é verde, é humano, é diverso, é social, é ordenado, é sostible... Somos un municipio cheo de vida, de talento e de futuro.

Pensando precisamente no futuro e nos grandes retos que se nos avexían como sociedade, queremos conducir o destino do noso munic-

pio cara á prosperidade e á vangarda. Na nosa folla de ruta está o fortalecemento dos servizos públicos, a mellora da mobilidade, o respecto polo medio ambiente, a óptima conservación do inmenso patrimonio municipal, a administración próxima e amable, a creación dunha costa aínda máis libre, a construción de grandes espazos públicos para o deporte e a cultura, a formación dunha xuventude tolerante e respectuosa...

Non negamos ternos equivocado, mais a honradez e honestidade coa que sempre actuamos outórganos unha tranquilidade inmensa. Os nosos feitos están aí, pero queremos máis. Fieis á nosa política e baixo a sabedoría que nos aporta a experiencia estamos en disposición de continuar mellorando Oleiros. Podemos e sabemos facelo.



Partido Popular de Oleiros

Un verán distinto e singular en mobilidade

Como cada verán, o noso municipio é destino de visitantes que buscan o sol e a praia. Unha vez máis puxéronse de manifesto as dificultades de mobilidade polo incesante aluvián de vehículos que se manifestan no noso Concello en forma de interminables caravanas e imposibilidade de aparcamento. Este problema, que padecemos durante todo o ano, nesta época agrávase notablemente co consecuente prexuízo aos residentes

que teñen que sufrilo, especialmente se residen nas inmediacións dalgún areal. Se a isto lle engadimos as obras, que apoiamos en todo momento (outra cousa é como se executan), tanto na zona do Sol e Mar como as derivadas do saneamento da ría -por certo, os depósitos de area na mesma praia xeran cheiros tamén moi molestos- atopámonos cun termo municipal semi inmerso no caos. O problema non é novo, é un

problema que leva décadas afectándonos e agravándose e, con todo, non se tomaron nin se toman medidas para atallalo. Séguese construíndo por todas partes, séguese sumando veciños e vehículos ás nosas xa centenarias vías e séguese sen tomar medidas para mellorar a mobilidade. Nin a vía Ártabra, nin a ampliación da ponte van resolver este problema, porque ambas as infraestruturas están nos extremos do territorio

municipal aos que se chega por un só carril que, cando hai densidade de tráfico, aboca a que se circule en ringleira para o que calquera incidencia supón unha enorme retención. Pero seguiremos mirando para outro lado, dando licenzas e mellorando servizos para que se creen novas urbanizacións que non teñan que custealos. Seguiremos favorecendo a especulación e o *pelotazo* e, o que veña detrás que "arree".



Grupo Municipal Socialista

Se queremos medrar e necesario investir en infraestruturas

A presión urbanística neste concello está a acabar dende fai anos uns niveis incompatibles cas infraestruturas do concello, afectando cada vez mais a calidade de vida de

todos os oleirenses. Os atascos que a cotío veñen producíndose nas estradas do concello, froito dunha mala planificación, os episodios de inundacións do ano pasado

pola falla de capacidade e mantemento das redes e os constantes apagons en varios lugares do concello son boa proba diso. Compre investir nunhas infraestruturas de-

centes para dar os veciños uns servizos públicos dignos, ao de nivel dos impostos que pagan.



Bloque Nacionalista Galego

Máis unha vez

A recente marcha de Núñez Feixoo a Madrid ven confirmar a falta de compromiso do até hai pouco Presidente da Xunta cos galeg@s e particularmente coa cidadanía oleirense. O balanço destes trece anos no referido ao noso Concello é pobre cunha inexistente política de vivenda pública por parte da Consellería ou a ausencia de

xestións para mellorar o transporte nunha das zonas con máis tráfico da provincia. A pasarela "virtual" das Xubias xunto coa deixadez nun problema obxectivo de seguridade vial no Couto (Dorneda), son dous exemplos dun política baseada no glamour dos medios e a escaseza de vontade.



Ciudadanos

Liberais en Oleiros

Cando Ciudadanos se atopa en pleno proceso de refundación a nivel estatal, buscando recuperar a confianza da cidadanía e captando o apoio dos partidos liberais da Unión Europea, os liberais de Oleiros seguimos apostando polo consenso e a unidade entre os diferentes grupos políticos do Concello, realizando unha oposición construtiva antepoñendo os intereses dos cidadáns e cidadás de Oleiros ás siglas políticas.

Non nos cansaremos de repetir que apoiaremos calquera iniciativa municipal que beneficie os veciños e veciñas, independentemente do partido político que as propoña. Non podemos estar enfrontados ás diferentes administracións de forma permanente, é necesario o diálogo e o consenso en beneficio do interese xeral, que é o denominador común dos 21 homes e mulleres que compoñen a corporación municipal.

EDITORIAL • O mundo patas arriba

◆ Actúan desde a sombra ou a cara descuberta, segundo lles interesa en cada momento. Aqueles que manexan o mundo e a política ao seu antollo están a socavar os piares das democracias no mundo.

Non é preciso ir moi lonxe. Vémolo en Europa, onde democracias consolidadas están a verse atacadas pola aparición de partidos e dirixentes populistas e mafiosos. Semella que unha parte da poboación esquece o terrible sufrimento vivido ao longo do pasado século como consecuencia de guerras e ditaduras, así como o enorme sacrificio e o arduo traballo colectivo realizado para mellorar a calidade de vida e o benestar da cidadanía. O progreso e os importantes avances acadados nos países europeos nunca terían sido posibles sen o amparo dos valores e dereitos democráticos.

Os gobernos das distintas administracións públicas son elixidos libremente polos cidadáns que teñen posibilidade de elección entre grupos políticos, supostamente, con ideoloxías e proxectos distintos e dispares. O sufraxio universal non impide que poidan acceder ao poder personaxes iluminados con gran capacidade destrutiva, persoas populistas que chegan á política como paraquedistas aproveitando graves crises sociais e económicas. Este tipo de personaxes son fabricados nas cociñas dos que manipulan o mundo e son sacados a escena no momento que interesa, tal e como foron aflorando nas últimas décadas por distintos continentes.

Un claro exemplo diso foi a destrución da Unión Soviética a mans de Yeltsin e Gorbachov ou os máis recentes casos de Boris Johnson no Reino Unido ou de Jair Bolsonaro en Brasil. En Estados Unidos, debido ao descrédito e ao despotismo da familia Bush, colocaron como presidente a un negro -no país máis racista do mundo- para facer crer o soño americano ao mundo enteiro. O desvarío na política norteamericana provocou un cambio de careta e utilizaron como revulsivo a Donald Trump, que arrasou Oriente Medio e orixinou guerras civís en case todo o continente africano.

Para o control e o sometemento do mundo aos intereses bastardos dos grupos de poder, as mafias son outro elemento indispensable. Utilizadas para degradar os países a través da corrupción, son unha lacra social, coa que conseguen destruír todas as esferas públicas e privadas, impedindo o desenvolvemento dos pobos.

A estes males hai que engadir tamén os provocados polas políticas económicas e os conflitos bélicos creados para colapsar os mercados, impedir importacións e exportacións, que alteran prezos de enerxía e carburantes,... Ata xogan co medio ambiente para acelerar o cambio climático e provocar secas, incendios, inundacións...

Todos e todas temos a responsabilidade de actuar ante tales ameazas para o benestar e o progreso. Non podemos estar calados nin mirando para outro lado cando nos están subtraendo ese mundo mellor que queremos para os nosos fillos, fillas, netos e netas. Rebélate!



Comezan as obras do paseo fluvial entre Iñás e O Seixal ▼



◆ O Concello adxudicou por importe de 2,9 millóns de euros a obra de creación dun paseo fluvial de 4 km polas beiras do rego de San Pedro, desde Iñás ata O Seixal. Ademais dunha senda para peóns e ciclistas paralela ao río, crearanse 3 amplas áreas de acceso dotadas de diferentes servizos e estacionamento.

Esta importante actuación de protección do medio ambiente e de mellora da mobilidade e da seguridade viaria será costeada integramente polo Concello. Aínda que cumpre de cheo cos criterios establecidos para o reparto dos fondos europeos Next Generation, o Goberno central excluíu da convocatoria aos concellos galegos de entre 20.000 e 50.000 habitantes. A Xunta de Galicia si lle dou a súa aprobación pero non a financiación. O alcalde seguirá demandando a ambas administracións a súa inclusión no programa europeo.

Broche final para o Parque As Trece Rosas ►



◆ O Concello vai destinar 486.709,96 euros para finalizar o Parque As Trece Rosas. En concreto realizaranse as obras de adecuación da zona na que se atopaban as vivendas demolidas por estar fóra de ordenación urbanística e que ocupaban máis de 5.000 metros cadrados.

A actuación consistirá en axardinar todo o ámbito que ocupaban as construcións e recuperar medioambientalmente a zona. Para dispoñer de servizos para o mantemento do parque e inodoros públicos, vai adecuarse unha das vivendas na que se creará tamén un local de hostalería, que sairá a concesión pública e se adxudicará mediante concurso.

Novo campo de fútbol municipal, máis espazos públicos para o deporte e a convivencia ▼

■ *O acto de inauguración será o sábado 17 de setembro, ás 17:00 horas*



◆ Todos os veciños e veciñas do municipio están invitados a participar no acto de inauguración do novo campo de fútbol municipal que se celebrará o sábado 17 de setembro, ás 17:00 horas. Serán os nenos e nenas dos equipos benxamins dos distintos clubs do municipio os que estrearán o campo coa disputa duns partidos amigables.

Investimento municipal de 4 millóns

Situado na rúa Fonte Cuba, este recinto deportivo ocupa unha superficie de 16.000 metros cadrados. O Concello realizou un investimento próximo aos 4 millóns de euros. Primeiramente houbo que adquirir todo o solo a 26 propietarios para despois realizar as obras de adecuación do terreo, peche, colocación de céspede artificial de última xeración, instalación de torres de iluminación con tecnoloxía led, construción de grada cuberta, vestiarios, almacéns, accesos, axardinamento e aparcamentos.

O obxectivo que se persegue coa creación desta instalación é continuar mellorando a oferta de infraestruturas públicas para o deporte. Nunha sociedade cada vez máis sedentaria, cuns índices de obesidade infantil en alarmante crecemento e no que o abuso das tecnoloxías provocan hábitos sociais moi dañinos para as relacións persoais, resulta necesario o desenvolvemento de políticas públicas para o fomento da práctica de actividade física regular, a realización de adestramentos en grupo e a transmisión de valores tan importantes como o esforzo persoal, a constancia ou o afán de superación. Investir en deporte é semear un futuro de saúde e convivencia.



Importante progreso da obra de conexión da vía Ártabra coa N-VI en Iñás ▼



◆ O nudo de conexión a 3 niveis previsto en Iñás para comunicar a N-VI coa vía Ártabra mellorará notablemente a fluidez do tráfico na N-VI, eliminando as actuais colas que se orixinan a diario nas horas de entrada e saída dos traballos dos polígonos industriais de Betanzos, Bergondo, Cambre e Sada. Paralizada durante meses, neste momento a obra avanza a bo ritmo.

Agora urxe que a Consellería de Infraestruturas deixe subsanados o antes posible os erros administrativos que provocaron as sentenzas xudiciais que paralizaron a obra da vía Ártabra entre Iñás e a AP-9, para contratar novamente as obras no prazo máis breve de tempo. O Goberno municipal tamén reclamou que se redacte o proxecto para darlle continuidade á vía Ártabra desde a AP-9 ata A-6 na Rocha.

O acceso ao Porto de Lorbé comezará este ano ►

◆ Despois de anos de demandas por parte do Concello, dos mariñeiros e das empresas, a Xunta de Galicia ten previsto finalizar os accesos ao porto de Lorbé. A Consellería do Mar informou que procederá de maneira inminente á contratación da obra que permitirá dispoñer dunha vía de entrada acorde ás necesidades actuais de mariñeiros e empresas. Ademais de ampliar o vial, crearase unha área de estacionamento e unha rede de saneamento para a zona portuaria.



O alcalde demanda avances para a ampliación da ponte Pasaxe



◆ O alcalde ten previsto reunirse co Delegado do Goberno central en Galicia para solicitar información sobre o estado no que se atopa a tramitación do proxecto de ampliación da ponte Pasaxe. As melloras da rúa Xesteira, rúa Hábitat e os accesos ás avenidas Che Guevara e Santa Cristina están condicionadas polos prazos de ampliación da ponte.

Non é viable realizar a obra da ponte Pasaxe sen finalizar antes a do túnel de Sol y Mar. Iso non implica que se aprobe definitivamente o proxecto, se realicen as expropiacións de solo necesarias e se licite a obra para poder tela contratada cara finais do 2023.

Mellorada a seguridade viaria coa nova rotonda da Chasqueira ▼



◆ Concluíron as obras de construción da rotonda na confluencia das estradas Lñás-Pravio e San Pedro de Nós-Cecebre. O Concello demandara en reiteradas ocasións a necesidade de mellorar a seguridade

viaria neste punto coa construción dunha rotonda. Atendendo a estas peticións, a Deputación da Coruña realizou esta obra que tivo un custo de 464.249,65 euros.

Finalizada a reurbanización do centro de Mera ▼



◆ As rúas Doutor Fleming e Xabre xa contan con novos tramos de beirarrúas e zonas de estacionamento. Tamén foi renovada a rede xeral de abastecemento de auga e o alumeadado público.

En marcha a obra da ponte de Arenaza ▼

◆ A petición do Concello, a Deputación está a realizar a obra de ampliación e mellora do drenaxe transversal da ponte de Arenaza, en Lñás. Esta remodelación permitirá rematar cos episodios puntuais de inundacións e desbordamentos nalgunhas vivendas de Lñás, que quedaban anegadas cando chovía con intensidade. O custo é de 99.203,69 euros.



Próxima ampliación da rúa Casares Quiroga ▼

◆ As obras de ampliación da calzada para crear unha beirarrúa na rúa Casares Quiroga, á altura do Pazo de Lóngora, comezarán antes de que remate este ano. O orzamento é de 183.988,95 euros, que financiará a Deputación da Coruña por tratarse dunha estrada provincial. O Concello logrou con anterioridade o solo necesario para poder realizar a ampliación.

A praia de Santa Cristina gana máis metros



◆ Atendendo ás peticións do Concello, Costas procedeu á aportación de 16.000 metros cúbicos de area en Santa Cristina, que se depositaron no extremo da praia máis próximo á antiga Casa Sara. Con esta actuación recuperaranse uns 400 metros liñais de praia para uso e disfrute da cidadanía.

Rematado o aparcamento de Bastiagueiro ▶

◆ Quedaron completamente ordenados os terreos municipais existentes xunto á pista de patinaxe de velocidade, na marxe dereita da avenida Ernesto Che Guevara dirección Santa Cruz. O Concello investiu 453.000 euros e creáronse 179 novas prazas de estacionamento. O axardinamento das zonas verdes e a plantación de árbores realizarase a partir do outono.



Nova sede da Escola Municipal de Surf ▼



◆ Na rúa das Anguias, nun dos accesos á praia de Bastiagueiro, o Concello converteu unha vivenda que se atopaba fóra de ordenación urbanística na sede da Escola Municipal de Surf. Investíronse 72.070,01 euros en adecuar a casa ao seu novo fin e crear vestiarios, baños, duchas e unha ampla zona de almacenamento do material deportivo.

O Concello financia o gasto do comedor escolar dos nenos e nenas en situación de vulnerabilidade ▼

◆ O Concello de Oleiros asinou o convenio de colaboración para o vindeiro curso escolar coas ANPA dos colexios públicos que xestionan os comedores para garantir que todos aqueles nenos e nenas de familias en situación de vulnerabilidade accedan ao comedor escolar. O Concello asume o gasto de comedor escolar destes nenos e nenas para garantir a cobertura das necesidades básicas da súa alimentación.

Inicialmente, para o vindeiro curso 2022/2023, destínase unha partida de 50.000 euros, que en caso de resultar insuficiente incrementárase. A maiores, o Concello dispón doutra liña de subvencións para os gastos de comedor das familias dos nenos e nenas que non estando nunha situación económica tan adversa precisen axuda para facilitar a conciliación familiar.

Melloras no Colexio Valle Inclán ▶



◆ Atendendo ás peticións da ANPA do Colexio Valle Inclán, o Concello abordará diversas actuacións de mellora no recinto escolar. Ademais dos traballos anuais de mantemento, procederase á renovación do parque infantil, colocación de bancos e outro mobiliario, pintado das pistas de xogo... O Concello tamén lle reclamou á Xunta de Galicia a finalización da obra que quedou sen rematar trala reforma do comedor escolar.

■ Actual estado do espazo situado na parte superior do actual comedor, que a Xunta deixou sen finalizar e que o Concello demanda que se habilite para sala multiusos, salón de actos ou laboratorio.

Novo parque infantil en Lorbé ▼



◆ Finalizaron as obras de creación dun novo parque infantil en Lorbé, xunto á Casa do pobo. O Concello investiu **76.354,36 euros** na mellora deste espazo.

Ampliación da pista de skate e creación dunha área de parkour en Bastiagueiro ▶

◆ O Concello vai investir 300.000 euros na ampliación da actual pista de skate e na construción anexa dunha área de deporte urbano de parkour. Ante a grande demanda existente, especialmente entre a mocidade, crearase un novo módulo de rampas para saltos e acrobacias. En canto ao parkour, instalaranse distintos elementos tales como barras, bloques, escaleiras e outros obstáculos.

Comeza a funcionar a empresa municipal de auga ▼

■ *Aquaoleiros, empresa pública de titularidade municipal, xa está a xestionar o servizo de abastecemento de auga aos domicilios.*

◆ Os veciños e veciñas non terán que realizar ningún cambio, simplemente se notará que o formato do recibo cambiará a partir da próxima trismetralidade.

A atención presencial pasará a realizarse na planta baixa do edificio de Facenda Municipal, na avenida Francisca Herrera, en horario de 8:30 a 13:30 horas. Tamén é posible dirixirse a Aquaoleiros a través do teléfono 981610602 ou do correo electrónico aquaoleiros@aquaoleiros.gal.

Para mellorar a xestión deste imprescindible servizo público, o Goberno municipal optou pola municipalización. O Concello de Oleiros conta cunha importante infraestrutura formada por 10 depósitos de auga, 6 bombeos e unha rede de tuberías de máis de 300 km de lonxitude.



Un novo obradoiro de emprego permite a contratación de 20 veciños en paro ▼



◆ Os próximos días comezará un novo obradoiro de emprego no que se realizarán distintos traballos de creación de mobiliario urbano e mantemento de zonas verdes municipais. Para a realización desta actividade formativa contrataranse 5 persoas para docencia e administración e 20 veciños e veciñas en situación de desemprego que recibirán unha remuneración mensual de 1.000 euros durante os 12 meses que durará o obradoiro, máis as correspondentes pagas extras.

O alumnado participante no obradoiro formarase nas especialidades de carpintería -10- e xardinería -outros 10-. Todas aquelas persoas que finalicen satisfactoriamente o obradoiro terán un contrato nunha empresa por un prazo mínimo de 3 meses.

Para a realización desta actividade formativa a Xunta aporta 503.987 euros e o Concello 14.986,22 euros.

Arte urbana de vangarda para embelecer Oleiros



◆ Dous destacados artistas galegos a nivel internacional no ámbito da arte urbana, Lula Goce e Joseba Muruzábal, crearon dúas obras de arte na localidade de Oleiros. Goce decorou a praza da Rabadeira e Muruzábal unha medianeira da rúa Miraflores.

Festa rachada en todas as localidades



◆ Despois de dous anos de ausencia, celebráronse as distintas festas patronais do municipio. A implicación e o traballo dos grupos de veciños e veciñas que en cada localidade forman as distintas comisións de festas fixo posible que se poidera gozar de grandes tardes e noites de diversión e convivencia. Desde o Concello prestouse unha importante colaboración material e humana para facilitar a organización e velar pola seguridade das persoas asistentes ás verbenas.

No caso da sardiñada de Mera, que ía desaparecer ante a inexistencia de relevo na comisión de festas do Carme, o Goberno municipal, xunto coa Asociación Veciñal San Cosme de Maianca e o Centro Deportivo Mariñeiro, organizou este singular evento no que participaron máis de mil persoas. **O Concello de Oleiros agradece enormemente a implicación e traballo da asociación veciñal, do club de remo e de todas as persoas colaboradoras.**

O calendario festivo rematará o vindeiro sábado 1 de outubro en Maianca, coa celebración da romaría de San Cosme.

A riqueza de Oleiros ▼

Orgullo de mocidade culta e educada

◆ En Oleiros continúa a medrar unha xuventude distinta. Fronte a todos os clichés e estereotipos cos que determinados sectores demonizan aos rapaces, en Oleiros está aberto un horizonte de esperanza da man dunha mocidade tremendamente formada. Máis alá de expedientes académicos extraordinarios, os xóvenes oleirenses distínguense polos seus valores sociais e os seus altos niveis de tolerancia. É un triunfo colectivo do conxunto da comunidade, froito do esforzo e da especial dedicación e preocupación pola infancia e a xuventude.



ESCOLAS MUNICIPAIS



Un dos grandes viveiros artísticos e culturais de Oleiros son as escolas municipais de música, danza e teatro, nas que participan 788 nenos e xóvenes. Nas súas últimas actuacións, realizadas en distintos espazos públicos do municipio, volveron amosar as súas extraordinarias capacidades para a arte, marabillando aos centos de persoas que contemplaron os espectáculos.

A educación e o benestar infantil e xuvenil é, desde sempre, unha prioridade do Goberno municipal. Así é que para completar a formación académica, desenvólense por parte do Concello numerosas e diferentes actividades educativas, culturais e deportivas que teñen como fin principal a contribución á creación dunha mocidade culta, educada, con capacidade crítica e respectuosa.



GRADUACIÓNS

◆ Un total de 187 rapaces e rapazas do municipio finalizaron os seus estudos de educación secundaria o pasado mes de maio. Grazas ao seu esforzo persoal, ao das súas familias e ao excelente profesorado existente nos centros públicos de Oleiros, os mozos e mozas graduados lograron completar de maneira satisfactoria unha importante etapa nas súas vidas, que lles permitirá continuar estudando e formándose nos seus futuros oficios e profesións.



IES MIRAFLORES



IES NEIRA VILAS



IES MARÍA CASARES

Envío de material escolar a Guatemala

◆ O Concello enviou un contedor con diverso material escolar para varias escolas dunha das rexións máis pobres de Guatemala. Para este proxecto de cooperación, o Concello achegou numerosos recursos educativos que se atopaban fóra de uso nos colexios.

O envío realízase en colaboración coa Fundación Nova Pescanova, que o trasladará directamente ata o seu destino, en Guatemala. O contedor leva cadeiras, pupitres, mesas, armarios, estantes, material escolar, libros... O Concello asinou un convenio de colaboración coa Universidade da Coruña, a Fundación Nova Pescanova e a ONG Solidariedade Galega para a doazón, transporte e distribución de equipamento e material escolar en centros educativos de países de América Latina.



Novos proxectos en Mozambique arredor da discapacidade e a infancia



◆ O Concello contribuirá a mellorar as condicións de vida de persoas con discapacidade e das nenas e nenos dun centro de acollida de menores en Mozambique a través da súa participación no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Unha das accións executarase a través da Asociación Nacional de Municipios de Mozambique e permitirá apoiar a 10 persoas con mobilidade reducida da vila de Boane -dúas delas menores-, a través da adquisición de cadeiras de rodas, andadores, muletas e botas ortopédicas. Unha segunda intervención levarase a cabo no centro de acollida de Catembe, onde se financiará a compra de polos e de materiais agrícolas, co fin de que poidan instalar un pequeno criadeiro e unha horta que permitan garantir a alimentación das nenas e nenos.

Mulleres palestinas, as grandes descoñecidas

◆ A miña vida deu un cambio radical o día que casei cun palestino e fun vivir a Palestina, primeiro á franxa de Gaza e logo a un pobo de Belén chamado Beit Sahour. As diferentes etapas que pasei durante todos estes anos foron interesantes, intensas e unha grande escola ante a vida que me serviu para sobrevivir a unha das etapas máis duras da miña vida.

Coñecendo e superando etapas en Palestina, recoñezo que a miña máxima admiración e respecto é cara ás mulleres palestinas. Convivín con elas en todos os aspectos, pero a máis importante e intensa é a relación que tiveron neses 10 meses de cárcere na prisión de Damon (Haifa). Convivín con máis de 50 mulleres de diferentes ámbitos sociais e económicos pero que están unidas pola súa loita contra a ocupación que dura xa máis de 70 anos.

As mulleres palestinas sosteñen sobre os seus ombreiros a supervivencia dun pobo moi castigado, a súa forza, o amor pola súa familia, o seu interese por aprender, sacar adiante as súas familias, traballadoras incansables, loitadoras. Podería comentar mil historias durante todos estes anos nos que fun testemuña de mil situacións nas que non as escoitei queixarse senón traballar en silencio para sacar adiante as súas familias e un soño de país que non acaba de realizarse.

Desde o primeiro día que cheguei, nunha situación moi complicada, á prisión, elas propuxéronse ante todo que me sentira en familia, coidaron da miña saúde, que me alimentase axeitadamente, que tivese unha rutina diaria que me fixese pasar o tempo o mellor posible. Sentiron unha gran curiosidade pola miña persoa, estranxeira e a maior por idade. Solicitáronme que lles ensinase español, eu aceptei inmediatamente pois iso dábase a oportunidade de coñecerlas mellor e ser útil. Por outro lado, as súas historias de superación eran realmente duras, pero a súa entrega e dozura eran incuestionables.

Hai casos de mulleres con maltratos na familia, outras con enfermidades mentais que cuestiona bastante que sexan acusadas sen posibilidade de defenderse, pois as súas doenzas non son consideradas como tales. Polo tanto, ao sufrimento de estar no cárcere, engádenselle os poucos coidados necesarios que precisarían e que non reciben e como resultado as súas enfermidades agrávanse. As miñas compañeiras e mais eu implicábonos en darlles agarimo, respecto, coidados, que no lles faltase de nada, conversa e que se sentisen protexidas e queridas nun entorno moi complicado.

É duro tratar de describir todo o que pasei durante estes meses pero sempre teño na miña mente como se atoparán, se sufrirán, se terán as súas necesidades cubertas. Aínda que sempre coa fe e a confianza de que son mulleres valentes e fortes e que superarán pouco a pouco este período que están pasando.

Por iso, cun agarimo especial, dedícolles este artigo para que elas sexan recoñecidas, apoiadas e solidaricen nestes momentos tan complicados e difíciles.

Elas sempre no meu corazón e co desexo que logren a liberdade que se merecen e unha vida feliz.



■ Juani Ruiz, cooperante sanitaria detida ilegalmente por Israel. Estivo de visita na Casa do Concello en agosto para agradecer o apoio prestado polo Goberno municipal de Oleiros pola campaña realizada na súa defensa.

Oleiros na memoria

■ *As persoas maiores dos obradoiros de memoria recollen 94 topónimos*



■ O Castelo, en Oleiros

◆ As 200 persoas que participan nos obradoiros de memoria que se realizan en todas as parroquias desenvolveron ao longo deste ano un traballo de investigación sobre a toponimia das súas localidades. Partindo da memoria e dos records, xunto coa búsqueda de documentación e con entrevistas ás persoas máis maiores dos lugares, recompilaron un ampla relación de nomes históricos de diversos lugares, fontes, leiras, lavadoiros, camiños, pedras,...

Máis prazas para ioga, relaxación e ximnasia ▼

◆ Dada a elevada demanda existente, o Concello vai ampliar o número de grupos das actividades de ioga, relaxación e ximnasia para maiores de 60 anos. Proximamente abrirase un novo prazo de inscrición. En total, máis de 600 veciños e veciñas participan nas distintas actividades de *Envellecemento activo*.

Cursos de manexo de móbiles para maiores ▼

◆ Vanse impartir novos cursos de manexo de móbiles para persoas maiores de 60 anos en Casa Echeverry, no local social da Lagoa de Mera e nas casas do pobo de Dorneda, Nós, Dexo e Lorbé. As persoas interesadas en participar poderán apuntarse entre o 5 e o 9 de setembro chamando ao 981610000, en horario de 4 a 6 da tarde.

Intensa actividade do grupo de *Cociña e barro* ▼

■ *O vindeiro 12 de setembro comeza un novo curso do programa **Cociña e barro**.*



◆ Neste proxecto municipal as persoas participantes están a realizar numerosas actividades: confección dun libro, recuperación da historia das telleras do municipio, encontros e cursos interxeracionais, recolección de pezas de barro para o Museo Os Oleiros, transmisión de receitas tradicionais elaboradas en barro, participación en obradoiros de olería,...

Iniciativas pioneiras en igualdade ▼



◆ O Concello de Oleiros será o primeiro municipio de Galicia en publicar unha guía de recursos especializados para a prevención e actuación fronte á violencia de xénero. Tamén se difundirá unha guía para fomentar un uso inclusivo e non sexista da linguaxe. Estas actuacións forman parte da constante política desenvolvida por parte do Goberno municipal na procura da igualdade.



O lecer, un dereito para todos e todas ▼

◆ Veciños e veciñas con diversidade funcional participaron durante este verán no programa municipal **Findes de Lecer**. As persoas participantes participaron en obradoiros, excursións, festas da nosa contorna, visitas a museos, actividades acuáticas...

O lecer é un dereito de todas as persoas, unha experiencia integral que contribúe á calidade de vida e que se debe ofrecer a todas as persoas sen discriminación.

Lucas Yañez, campión do mundo de patinaxe artística por segunda vez ▼



◆ O patinador de Dorneda Lucas Yañez conseguiu por segundo ano consecutivo a medalla de ouro no Campionato do mundo junior de patinaxe artística celebrado en Alemaña. Ademais deste extraordinario triunfo, unhas semanas antes lograra conquistar o Campionato de España.

Inés Vázquez, subcampioa de España de hockey a patíns ►

◆ Inés Vázquez, veciña de Nós e xogadora do Club Hockey Oleiros, disputou o Campionato de España de seleccións autonómicas coa selección galega. Tras un brillante torneo conseguiron chegar á gran final pero caeron derrotadas ante Cataluña.



Marta Fernández, campioa galega de lanzamento de peso



◆ Marta Fernández, veciña de Santa Cruz, conseguiu o primeiro posto no Campionato Galego de atletismo adaptado na competición de lanzamento de peso. Nas carreiras de 100 e 200 metros listos foi subcampioa.

Un concello vivo

Dous ouros para Manu Taibo e un bronce para Raúl Couto no Campionato de España ▼



◆ Oleiros continúa a ser unha potencia no patinaxe de velocidade. Manu Taibo proclamouse, outra vez, campión de España nas modalidades de 1.000 metros e 10.000 puntos eliminación. Raúl Couto acadou a medalla de bronce na modalidade de 5.000 metros eliminación.

Laura Ríos triunfa nos campionatos galegos e provinciais de atletismo



◆ A atleta oleirense de 11 anos de idade, Laura Ríos Velo, acadou a medalla de prata nos 80 metros lisos do XV Campionato Xunta de Galicia. Nas Xornada de Atletismo en pista da Deputación gañou dúas medallas de ouro, en 80 metros lisos e en salto de lonxitude.

O Hóckey Oleiros conquista a Liga Galega ▼



◆ O Club Hockey Oleiros conseguiu uns resultados extraordinarios na Liga Galega, quedando campión en categoría prebenxamín e terceiro clasificado en benxamín. Ademais, os equipos alevín e xuvenil gañaron a Copa Federación.

O Acordes proclámase campión de España de ximnasia estética



◆ O equipo infantil do Ximnasia Acordes acadou o primeiro posto no Campionato de España de ximnasia estética celebrado en Cartaxena, en programa curto. Ademais, na categoría sénior da mesma modalidade acadaron a medalla de prata.

Triplete do Futsal Rabadeira



◆ O equipo cadete do Futsal Rabadeira conseguiu o campionato de liga de Primeira Autónoma. Tamén gañaron a Copa e a Supercopa da Coruña.

O Unión Campestre gaña o I Torneo de fútbol feminino



◆ O Unión Campestre de Montrove foi o campión do I Torneo do Concello de Oleiros de fútbol feminino tras impoñerse por 3-1 ao Santa Cruz na gran final. Tamén participaron na competición o Obrero de Oleiros e o Atlético San Pedro.

TROFEO MASCULINO ▼

◆ Cristo Rey, Marino, Obrero, Unión Campestre, Santa Cruz, Atlético San Pedro, Dorneda, Mercurio e Hércules están a disputar o I Trofeo Concello de Oleiros. O Concello reparte 7.659 euros entre os equipos participantes. A gran final disputarase o sábado 3 de setembro no campo municipal Leonardo Maceira dos Regos.

Novo curso da Escola Municipal de Golf con 80 nenos e nenas ▶

◆ Para que todos os nenos e nenas do municipio dispoñan da posibilidade de practicar golf, o Concello fixo valer o dereito de uso que ten sobre o Campo de Golf de Xaz e que foi estipulado en escritura pública. Así é que foi asinado un convenio de colaboración coa empresa que xestiona o campo para crear a Escola Municipal de Golf, que neste segundo curso conta con 80 prazas para nenos e nenas de entre 10 e 17 anos. O Concello aporta todo o material necesario para actividade, que ten un custo mensual de entre 8 e 17 euros, en función da idade.



Numerosas actividades xuvenís nas Casas da mocidade

◆ Ademais da posibilidade de utilizar de maneira libre a Casa da mocidade de Santa Cruz (rúa Daniel Castelao, 5) ou da Casa da mocidade das Pedras (avenida Rosalía de Castro, 114), ofértanse diferentes e variadas actividades gratuitas. Durante as próximas semanas está prevista a realización de obradoiros de cocifa, curso de mediación de dereitos sexuais e reprodutivos, kaiak, paddle surf, "Mociradio", obradoiro de punch needle, teatro, festas, obradoiro de pintura sobre porcelana, horta comunitaria, graffiti,...

Para obter máis información ou inscribirse é posible dirixirse persoalmente a algún dos dous centros, chamar aos teléfonos 981 614 083 ou 981 977 944, consultar as redes sociais das casas da mocidade ou enviar un correo electrónico a pix.aspedras@gmail.com.



V Festival Rockanroleiros en Santa Cruz



◆ O venres 30 de setembro e o sábado 1 de outubro a praza de Esther Pita acollerá a quinta edición do Festival Rockanroleiros. O Concello colabora na organización deste evento coa asociación Musicoleiros, formada por grupos locais que pretenden dinamizar e achegar a súa actividade musical. A entrada a todos os concertos é gratuita.

Como novidade, este ano celebraranse dous concertos de promoción do evento o día 18 de setembro, no Parque da Lagoa de Mera, e o 24 de setembro, na praza Afundida de Santa Cristina.



II Encontro Mocidade Voluntaria en Mera

◆ Unhas 35 ONG e entidades sociais da comarca participarán o domingo 18 de setembro no II Encontro Mocidade Voluntaria, unha xornada dirixida a que a mocidade poida coñecer aquelas entidades máis próximas que contan con persoas voluntarias por se puidesen espertar o seu interese de colaboración. A xornada desenvolverase no Parque da Lagoa.

Ademais dos postos informativos de cada unha das entidades participantes, realizaranse mesas redondas e charlas sobre voluntariado e cooperación. Tamén haberá actuacións musicais e a grabación en directo do programa de radio Mociradio, que elabora un grupo de mozas e mozas de Oleiros e se emite a través das redes.

José Luis Gómez recibe o premio anual da Asociación de Periodistas de Galicia ▶



◆ O xornalista José Luis Gómez, veciño de Montrove, recibirá o premio Diego Bernal 2023 que concede a Asociación de Periodistas de Galicia en recoñecemento á súa extraordinaria traxectoria profesional. Jose Luis Gómez atesoura unha dilatada experiencia en radio, televisión, internet e prensa escrita. Fundador de Mundiario, periódico do que é editor, tamén é comentarista da Televisión de Galicia, Radio Galega e Cadena Ser, así como analista económico dos diarios La Región e Atlántico, e editor do Anuario do Foro Económico de Galicia, entidade da que é membro fundador. Dirixiu a revista Capital e os xornais Xornal de Galicia e La Voz de Galicia e foi director editorial de Grupo Zeta.

Santaia triunfa no concurso de Xacarandaina ▶

◆ Garrucha, do Grupo de Baile e Gaitas Santaia de Santa Cruz, foron os gañadores do primeiro premio do XL Concurso de Baile Tradicional Xacarandaina. Neste prestixioso certame folclórico participan grupos de toda Galicia.



Rutas de sendeirismo por Galicia ▶



PICO SACRO

• Sábado 24 de setembro

Ruta con inicio no Pico Sacro (Boqueixón) e fin no Couto de Ximonde (Vedra) pasando polo miradoiro de Gundián, desfiladeiro de San Xoán da Cova, ponte de Sarandón, muiños de Pastel... A distancia a percorrer é de 18 km e está cualificada como de dificultade media. Tamén se visitarán os xardíns do Pazo de Oca.

◆ O programa municipal *Andares por Galicia* ofrece diversas saídas para continuar coñecendo e descubrindo Galicia a nivel natural, social e cultural. Así mesmo procúrase promover a convivencia, o ocio no medio natural e os hábitos saudables.

Estas actividades están dirixidas a persoas maiores de idade. As persoas interesadas en participar poderán inscribirse desde 15 días antes de cada saída na Fábrica, a través do correo r.caparros@oleiros.org ou chamando ao 981 610 000.



FRAGAS DO EUME

• Sábado 22 de outubro

Ruta con saída do Gallel e remate nas Neves pasando polo Monte Fontardián, canón do Eume, encoro do Eume, Mosteiro de Caaveiro, muiños e ponte de Sesín... A distancia a percorrer é de 13 km e está cualificada como de dificultade media. Realizarase unha visita cultural ao Museo etnográfico da Capela.

Contacontos e obradoiros infantís en todas as bibliotecas municipais



• BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA. PERILLO

- ▶ **Día 6 de outubro** (18:30 horas): *Cantares gallegos ao ukelele* con **Antón Ke**, para maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 13 de outubro** (17:30 horas): *20.000 leguas de lectura divertida* con **Ciencia divertida**, para maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 20 de outubro** (18:30 horas): *Leo e as cores* con **Trémola Teatro**, para nenos e nenas entre 2 e 5 anos.
- ▶ **Día 27 de outubro** (18:30 horas): *Rato Canguro* con **Trinke Trinke Teatro**, para maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 3 de novembro** (18:30 horas): *Contando números, cantando cores* con **Pablo Díaz** para nenos e nenas entre 2 e 5 anos.
- ▶ **Día 10 de novembro** (18:30 horas): *U-la-lúa?* con **A Xanela do Maxín**, para maiores de 6 anos.

• BIBLIOTECA ROSALÍA DE CASTRO. SANTA CRUZ

- ▶ **Día 21 de setembro** (18:30 horas): *1º Galicia ilusiona coa maxia* con **Pedro Bugarín**, para maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 28 de setembro** (18:30 horas): *O traxe do novo rei* con **Tarabelos**, para maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 5 de outubro** (17:30 horas): *Robótica educativa. Creatividade inspiradora* con **A Nube de Artear**, para maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 19 de outubro** (18:30 horas): *Contando números, cantando cores* con **Pablo Díaz**, para nenos e nenas entre 2 e 5 anos.
- ▶ **Día 26 de outubro** (18:30 horas): *Contos na lareira* con **Iván Davila**, para maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 2 de novembro** (18:30 horas): *Contos de outono* con **O Maquinista**, para nenos e nenas entre 2 e 5 anos.

• BIBLIOTECA Mª JOSÉ RUSO. DORNEDA

- ▶ **Día 19 de setembro** (18:30 horas): *O tesouro* con **Trécola Teatro**, para maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 26 de setembro** (17:30 horas): *Obradoiro científico para pequenos heroes* con **Heroes para a Ciencia**, para maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 3 de outubro** (18:30 horas): *Filipa cos contos 2022* con **Bandullo Azul**, para maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 10 de outubro** (18:30 horas): *A peregrina máxica* con **Leo Leiño**, para maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 24 de outubro** (18:30 horas): *Os ratiños da caixa* con **Trinke Trinke Teatro**, para nenos e nenas entre 2 e 5 anos.

♦ As bibliotecas municipais seguen ofrecendo diferentes sesións de contacontos e obradoiros dirixidos a nenos e nenas maiores de 2 anos. É imprescindible reservar praza previamente para participar. É posible apuntarse en cada biblioteca ou por teléfono no 981 610 000

• BIBLIOTECA MANUEL MARÍA. OLEIROS

- ▶ **Día 20 de setembro** (17:30 horas): *Robótica educativa. Creatividade inspiradora* con **A nube de Artear**, para maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 27 de setembro** (17:30 horas): *Papelarte* con **Pedras de papel**, para maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 4 de outubro** (17:30 horas): *Obradoiro de maxia* por **O Mago Albert**, para maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 25 de outubro** (18:30 horas): *Princesos e principetas* con **Raquel Galavís**, para nenos e nenas entre 2 e 5 anos.

• BIBLIOTECA Mª JOSÉ TRINCADO. MERA


- ▶ **Día 23 de setembro** (18:30 horas): *Diferentes diferenzas* con **Dezdedez**, para maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 30 de setembro** (18:30 horas): *Radio bulebule* con **Paco Nogueiras**, para maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 7 de outubro** (17:30 horas): *Papelarte* con **Pedras de Papel**, para maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 21 de outubro** (18:30 horas): *Fíos de contos* con **O Maquinista**, para nenos e nenas entre 2 e 5 anos.

• BIBLIOTECA XOGRAR MENDIÑO. LORBÉ

- ▶ **Día 29 de setembro** (18:30 horas): *1º Galicia ilusiona coa maxia* con **Pedro Bugarín**, para maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 6 de outubro** (18:30 horas): *O tesouro* con **Trécola Teatro**, para maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 13 de outubro** (18:30 horas): *Conto-concerto para montar a túa banda* con **Xoán Curiel**, para maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 27 de outubro** (18:30 horas): *A memoria das estrelas* con **Raquel Galavis**, para nenos e nenas entre 2 e 5 anos.

• BIBLIOTECA ÁNHEL FOLE. NÓS

- ▶ **Día 23 de setembro** (18:30 horas): *A óptica das ilusións* con **David Méndez**, para maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 30 de setembro** (18:30 horas): *A orquestra de camarote* con **Solovoz**, para maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 14 de outubro** (18:30 horas): *A biblioteca de Don Basilio* con **Pinconús Teatro**, para maiores de 6 anos.
- ▶ **Día 28 de outubro** (18:30 horas): *Contando números, cantando cores* con **Pablo Díaz**, para nenos e nenas entre 2 e 5 anos.



Espectáculo de maxia para as familias no Parque José Martí ▼

♦ O vindeiro 8 de setembro, ás 17:30 horas, terá lugar o espectáculo *Maxia na Rúa* no Parque José Martí. Trátase dunha actuación chea de ilusión e diversión cunha duración aproximada de 45 minutos. En caso de choiva trasladarase ao auditorio da Fábrica.

Cultura de calidade para todos e todas

■ *Ampla programación municipal con música, teatro e danza* ▼

DANZA: Emigrantas

● **Sábado 8 de outubro,**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

A emigración e o retorno da derradeira diáspora represéntanse con perspectiva de xénero polo grupo Kirenia Danza. Desta maneira constrúen unha peza que as leva xuntas dentro do fenómeno migratorio presente.

■ Entradas: www.oleiros.org e desde as 19:30 horas na billeteira.
Prezo: 4,00 euros



TEATRO: Microspectivas dun Marica Millennial

● **Sábado 15 de outubro,**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

Davide González representa un espectáculo íntimo e cargado da poesía desde o que cuestionar certezas impostas que inflúen na construción da identidade. Dirixe Vanesa Sotelo.

■ Entradas: www.oleiros.org e desde as 19:30 horas na billeteira. **Prezo: 4,00 euros**



TEATRO: Conexión penguin

● **Sábado 22 de outubro,**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

Reflexión cómica sobre a incomunicación na era da comunicación e da dixitalización. Os protagonistas trasladan ao público ao 1923. Elenco formado por Luis Iglesia e Marcos Orsi.

■ Entradas: www.oleiros.org e desde as 19:30 horas na billeteira.
Prezo: 4,00 euros



TEATRO: Papagena

● **Sábado 29 de outubro,**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

Peza de teatro que reflexa baixo a personaxe de Papagena a loita contra o sexismo nos últimos tempos. Aparece a ópera electrónica con Esperanza Mara e Jacobo Rubianes Castelo.

■ Entradas: www.oleiros.org e desde as 19:30 horas na billeteira. **Prezo: 4,00 euros**



TEATRO: Continente María

● **Sábado 5 de novembro,**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

Canto á vida e ao teatro a través do diálogo coa extraordinaria figura de María Casares, inesquecible actriz e persoa que tivo que sobreponerse ao medio no exilio. Elenco formado por Melania Cruz e Vadim Yukhnevich.

■ Entradas: www.oleiros.org e desde as 19:30 horas na billeteira.
Prezo: 4,00 euros



TEATRO: Morte accidental dun anarquista

● **Sábado 12 de novembro,**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

Cinquenta anos despois de ser escrito, este sainete político segue reverberando na actualidade. Elenco formado por Toño Casais, Dani Trillo, Xurxo Barcala, Rubén Prieto, Artur Trillo, Diego Rey e Marta Ríos.

■ Entradas: www.oleiros.org e desde as 19:30 horas na billeteira. **Prezo: 4,00 euros**



CINE: Orfeo

● **Venres 18 de novembro,**
ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica (Perillo)

Neste drama fantástico de 1950 dirixido por Jean Cocteau, a obsesión de Orfeo por Morte (a princesa) faillle seguila ata o Inframundo tras a morte de Eurídice, a súa muller.

■ Entradas: www.oleiros.org e desde as 19:30 horas na billeteira. **Acceso gratuito.**



TEATRO: Tabú

● **Sábado 19 de novembro,**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

O espectáculo de Carmen Conde nace froito das conversas das mulleres, entre o 70 e o 95, en diversos puntos de Galicia sobre a súa vida erótica e sexual da xuventude. Representa un tendal para poñer ao clareo todas as intimidades.

■ Entradas: www.oleiros.org e desde as 19:30 horas na billeteira.
Prezo: 4,00 euros




TEATRO: Política sentimental

● **Sábado 26 de novembro,**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

Albert Camus e María Casares inician no 1944 unha relación intensa persoal e profesional entre ambos os dous protagonistas. Elenco formado por Germán Torres e Sabela Hermida.

■ Entradas: www.oleiros.org e desde as 19:30 horas na billeteira.
Prezo: 4,00 euros




TEATRO: O Péndulo

● **Sábado 3 de decembro,**
ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García Márquez

Teatro-documental que amosa o desenvolvemento da sublevación militar de 1936 e o inicio da Guerra Civil en Galicia, trasladando a historia de Tirso Gómez Freijido, membro do Partido Socialista.

■ Entradas: www.oleiros.org e desde as 19:30 horas na billeteira. **Prezo: 4,00 euros**



TRIBUNA ABERTA

▪ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicación@oleiros.org*

Bágoas de cinza

Galicia volveu chorar bágoas de cinza. O noso monte e as nosas aldeas volveron ser pasto das chamadas e do lume cunha ferocidade extrema. O éxodo forzado do noso campo, que xa dura 200 anos e parece non ter fin, tráenos estas terribles consecuencias.

Durante os dous últimos séculos soportamos épocas moi escuras. A necesidade obrigounos a deixar as nosas aldeas e o noso modo de vida para sacar a fame das nosas familias. Non só marchamos a cidades e vilas próximas, senón que tivemos que irnos a continentes afastados.

Caciques locais e gobernantes ruíns botáronnos das nosas casas coas súas mediocres e daniñas actuacións para Galicia. Pero é que nin durante os máis de 40 anos de democracia se lle quixo poñer remedio a este terrorífico mal para a nosa terra, con gobernos principalmente do PP, pero tamén do PSOE e BNG.

O cambio climático, a seca, a falta de medios de extinción, a inexistencia de tarefas de prevención efectivas, os pirómanos... Son causas innegables dos lumes. Pero á marxe diso, a realidade é que fronte ao abandono exponencial do noso medio rural desde as administracións públicas non se fai nada que resulte efectivo. Fotos, anuncios, subvencións para amigos e pouco máis. O caciquismo e a compra de vontades continúa funcionando a pleno rendemento.

O rural galego precisa con urxencia do desenvolvemento dun novo modelo económico e social que debería partir dunha reforma agraria, para acabar co minifundismo e crear as bolsas de solo necesarias para poder traballar e vivir do campo con dignidade. E, en paralelo, ampliar a prestación de servizos para que calquera familia que aposte por vivir no rural teña acceso á educación, cultura, deporte, transporte, lecer...

Poderemos investir centos de millóns en ter máis helicópteros, hidroavións, brigadistas, cortalumes..., pero mentres sigamos nas mesmas o lume seguirá

arrasando esta terra tan fértil, próspera e fermosa que non aproveitamos pola inexistencia de ferramentas para facelo. Non me sirva o peixe no prato, entrégume as redes e ensineme a pescar.

M.C.C. – Mera

Festas de Santa Cruz

Quería deixar a miña opinión como veciña sobre as festas de Santa Cruz. En primeiro lugar quero felicitar á comisión por todo canto traballaron que vin cos meus propios ollos que foi moitísimo. Pero tamén creo que hai un par de actividades que mancharon ese extraordinario esforzo e que deberían reconsiderarse para que todo canto fan polo noso pobo e pola nosa diversión non se vexa empeñado por actos que entendo son totalmente contrarios á súa intención.

Con motivo da celebración do Xacobobo, o meu neno tivo que convivir no parque infantil ás 18:30 horas con señores/as en evidente estado de embriaguez mexando diante del sen pudor de ningún tipo. Entendo que nun parque infantil os nenos non están fóra de lugar, ou si?

A verbena da París de Noia trouxo miles de persoas á festa. Non estou en contra de que veñan persoas doutras localidades, pero creo que o que realmente se promove con este tipo de actuacións son macrobotellóns, nos que nin as persoas maiores, nin os nenos, nin moitos adultos podemos participar nin bailar. Ademais do lamentable estado no que quedou todo ao día seguinte. Para que?

Penso que polo ben de todos, deberíamos darlle unha volta. Non estou en contra de que os mozos se divirtan, todo o contrario. Pero baixo o meu punto de vista son dúas manchas negras dentro dun gran traballo e quería facelo público.

Verónica Rodríguez – Santa Cruz

O solo do Monumento Natural

O Monumento Natural é un pequeno paraíso. A día de hoxe este espazo consérvase practicamente virxe grazas ao bo entender dos nosos antepasados e

á actuación de Alternativa dos Veciños que impediu todos cantos proxectos construtivos de vivendas, eólicos... quixeron realizar nesta zona, que suporía a destrución medioambiental desta marabillosa costa de Serantes e Dexo.

Agora ben, para continuar avanzando na conservación e protección do Monumento Natural é preciso tomar novas medidas, neste caso por parte da Xunta de Galicia como organismo competente en materia de medio ambiente e parques naturais protexidos. En concreto, deberíase analizar a propiedade do solo, pois a día de hoxe tan só é unha carga para as persoas propietarias xa que non poden obter aproveitamentos dos seus terreos e só teñen gastos, derivados da limpeza da maleza.

A Xunta de Galicia debería falar menos e actuar máis. A adquisición de todo este solo que ocupa todo este gran pulmón verde podería ser beneficioso para os seus actuais propietarios e permitiría mellorar a protección e conservación deste espazo. É cuestión de vontade política, nada máis.

Antonio Alfeirán – Lorbé

A praia das Margaridas ten algo especial

Subindo á costa pola estrada de Breixo dende Naval, entre Boi de Canto e Canide, atópase un dos lugares máis enxebres do noso municipio, a praia das Margaridas. Un areal pequeno onde nos momentos que a marea está a medio baixar, o aspecto que esta presenta é propio das praias que saen nas películas de renome.

É un bo lugar para desconectar. O son das olas bater nas rochas xunto co sol escondéndose tras a Torre de Hércules representa unha situación onde calquera canción parece ser mellor tema, unha conversación séntese máis agradable ou un problema parece ser menos complexo do que un pensaba.

Dende hai moitos anos as margaridas teñen unha connotación especial en Oleiros.

Adrián Valiño Rodríguez - Dorneda

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

Concello de Oleiros 981 610 000

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 960 405
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Servizo Municipal de Emerxencias	981 636 933
Oficina Turismo	981 904 052

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
El A Braña / Mera	981 617 505
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858
IES Miraflores / Oleiros	881 880 845
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270
CEIP Juana de Vega / Nós	881 960 947

Bibliotecas

Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
Mª José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
Biblioteca Mediambiental / Pazo de Lóngora	981 630 618



38.158 habitantes empadroados/as!

Padrón do Concello distribuído por parroquias ata o 25 de agosto

DEXO (Santa María)	1.423
DORNEDA (San Martiño)	3.647
IÑÁS (San Xurxo)	1.325
LIÁNS (Santa Eulalia)	11.120
MAIANCA (San Cosme)	1.613
NÓS (San Pedro)	4.971
OLEIROS (Santa María)	3.302
PERILLO (Santa Leocadia)	9.138
SERANTES (San Xulián)	1.619

TOTAL 38.158

Horarios do TRANSPORTE PÚBLICO



En Oleiros TAXI a domicilio no 981 243 333

Aeroporto de Alvedro 981 187 200

Estación autobuses A Coruña 981 184 335

Estación FFCC San Cristovo 902 432 343

LORBÉ ■ O BURGO

2652

> SAÍDAS

Cal Pita - Eliseo Pita

REGRESOS <

LORBÉ • SANTA CRUZ • OLEIROS • SAN PEDRO • O BURGO

07:00 h - 21:00 h cada 2 horas luns - venres cada 2 horas 08:00 h - 20:00 h

FARMACIAS DE GARDA

Datas

<ul style="list-style-type: none"> MARTA VIGUERA MOSQUERA Rúa Miramar, nº 4. Mera (Serantes) • Teléfono: 981 617 937 	Do 2 ao 8 de setembro
<ul style="list-style-type: none"> JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Perillo) • Teléfono: 981 635 024 	Do 9 ao 15 de setembro
<ul style="list-style-type: none"> Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247. San Pedro (Nós) • Teléfono: 981 663 890 	Do 16 ao 22 de setembro
<ul style="list-style-type: none"> ALBERTO UREÑA ÁLVAREZ Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6. Santa Cruz (Liáns) • Teléfono: 981 614 503 	Do 23 ao 29 de setembro
<ul style="list-style-type: none"> Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Avda. República Argentina, nº 95. Arillo (Dorneda) • Teléfono: 981 648 440 	Do 30 de setembro ao 6 de outubro
<ul style="list-style-type: none"> MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Isaac Díaz Pardo, nº 4. Os Regos (Liáns) • Teléfono: 981 614 184 	Do 7 ao 13 de outubro
<ul style="list-style-type: none"> PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 10. Santa Cruz (Liáns) • Teléfono: 981 923 845 	Do 14 ao 20 de outubro
<ul style="list-style-type: none"> PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16. Santa Cristina (Perillo) • Teléfono: 881 963 932 	Do 21 ao 27 de outubro
<ul style="list-style-type: none"> JAVIER SUÁREZ NEIRA Rúa Golfiño, nº 117. Lorbé (Dexo) • Teléfono: 981 628 165 	Do 28 de outubro ao 3 de novembro
<ul style="list-style-type: none"> LAURA PEÑALVER GARCÍA Avda. As Mariñas, nº 54, Parque Oleiros (Iñás) • Teléfono: 981 619 337 	Do 4 ao 10 de novembro
<ul style="list-style-type: none"> LAURA FREIRE QUINTAS Rúa Areal, nº 17, locais 2 y 3 (Perillo) • Teléfono: 981 305 417 	Do 11 ao 17 de novembro
<ul style="list-style-type: none"> SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1 (Oleiros) • Teléfono: 981 610 027 	Do 18 ao 24 de novembro

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	11 setembro / 10 outubro / 9 novembro
Mingua	17 setembro / 17 outubro / 15 novembro
Nova	25 setembro / 25 outubro / 23 novembro
Medra	3 setembro / 2 outubro / 1 novembro

Outro máis

• *Novo parque público de 20.000 metros en Dorneda* ▼



■ *O Concello de Oleiros manifesta publicamente o seu máximo agradecemento a Sandra Ortega por poñer a disposición unha propiedade privada para uso público, renunciando ao seu dereito de aproveitamento urbanístico de construción de 88 vivendas e sufragando a obra de creación do parque.*

◆ O extenso patrimonio medioambiental público do Concello de Oleiros incrementarase de forma inmediata. Sandra Ortega, propietaria de 19.908 metros cadrados de solo urbano en Dorneda –cun valor urbanístico de 5 millóns de euros e no que se poderían construír 88 vivendas–, creará un gran parque público nese terreo para uso e lecer de toda a cidadanía, asumindo tamén o custo íntegro das obras.

Esta nova zona verde de uso público será singular e innovadora, con espazos flexibles, adaptados a distintos tipos de usuarios/as e prácticas grazas á configuración do propio espazo e á dotación de bancos, mesas, zona cuberta, zonas de xogo, deporte, estanque... O deseño está pensado para fomentar a biodiversidade con espazos vexetados que proporcionen hábitat, alimento e refuxio para a fauna. As obras xa están en marcha e está previsto que finalicen en febreiro do 2023.

O proxecto tratouse dende o inicio dende un punto de vista colaborativo, coa finalidade de que o parque se constrúa cunha unha perspectiva social e medioambiental, conseguindo un espazo de baixo mantemento no futuro. Desde ese espírito de colaboración levan meses traballando conxuntamente tanto **técnicos do Concello de Oleiros** como a empresa de paisaxismo **Orza Paisaxismo**, o **Grupo Naturalista Hábitat** ou a executora da obra, a empresa de economía social **Trébore Jardinería**.



Sandra Ortega é veciña de Oleiros e sempre amosou unha sensibilidade e compromiso especial co seu entorno máis próximo, participando na ANPA do colexio público, asentando no municipio unha empresa de xardinería que fomenta a inclusión laboral de colectivos en desvantaxe social. Tamén a súa nai, Rosalía Mera, colaborou co Concello en diversas ocasións ao longo dos anos en multitude programas de cooperación internacional, como foi o caso do Foro Revela no que se denunciaba a situación de desamparo na que se atopaban mulleres e nenos en diferentes partes do mundo.